

ANUNCIO DE RECTIFICACIÓN DE ERROS NOS PREGOS DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARA A CONTRATACIÓN DA XESTIÓN INDIRECTA MEDIANTE CONCESIÓN ADMINISTRATIVA DO SERVIZO DE INTERVENCIÓN EN EMERXENCIAS QUE ABRANGUE OS PARQUES DE BOMBEIROS DE BARREIROS, VILALBA E VIVEIRO. (Expediente N° EXP CON001GSP10-ABO)

Acordado, con data 20 de outubro de 2010, a corrección de erros materiais detectados nos pregos de cláusulas administrativas e prescripcóns técnicas que rexen na contratación da xestión indirecta mediante concesión administrativa do servizo de intervención en emerxencias que abrangue os parques de bombeiros de Barreiros, Vilalba e Viveiro (Expediente N° EXP CON001GSP10-ABO), de tal xeito que:

1. Na cláusula décimo segunda dos pregos de cláusulas administrativas, no seu punto 3º (páxina 12):

Onde di:

A solvencia técnica e profesional nos contratos de servizos acreditarase polos medios seguintes:

c) Unha declaración relativa á cifra de negocios global dos servizos ou traballos similares os do obxecto do contrato ou traballos realizados pola empresa no curso dos últimos 4 exercicios, equivalente, como mínimo, ó 50% do valor de licitación do contrato.

Debe decir:

c) Unha declaración relativa á cifra de negocios global dos servizos ou traballos similares os do obxecto do contrato ou traballos realizados pola empresa no curso dos últimos 3 exercicios, equivalente, como mínimo, ó 50% do valor de licitación do contrato.

2. Na cláusula décimo segunda dos pregos de cláusulas administrativas, no seu punto 7º (páxina 17):

Onde di:

Seguro dos VEHÍCULOS: que comprenderá o da totalidade dos vehículos completos que integran cada Parque e que terán o carácter de seguro a todo risco, con franquía máxima de 3.600€/c/u.

Debe decir:

Seguro dos VEHÍCULOS: que comprenderá o da totalidade dos vehículos completos que integran cada Parque e que terán o carácter de seguro a todo risco, con franquía máxima de 3.000€/u.

3. Na cláusula decimo sexta dos pregos de cláusulas administrativas (páxina 21):

Onde di:

OFERTA ECONÓMICA: Se valorará desde 0 e ata 40 puntos

Para a valoración deste apartado terase en conta:

- Aquelas ofertas que igualem o prezo de licitación serán valoradas con 0 puntos.
- Criterio de oferta desproporcionada ou anormal: ver cláusula 18.
- Puntuaranse as ofertas proporcionalmente á baixada ofertada, de acordo coa seguinte fórmula:

$$Po = POE * \frac{(OL - Oi)}{(OL - Ob)}$$

Onde:

Po = puntuación da oferta

POE = puntuación da oferta económica

OL = orzamento de licitación

Oi = oferta presentada

Ob = oferta máis baixa presentada

Debe decir:

OFERTA ECONÓMICA: Se valorará desde 0 e ata 40 puntos

Para a valoración deste apartado terase en conta:

- Aquelas ofertas que igualem o prezo de licitación serán valoradas con 0 puntos.
- Criterio de oferta desproporcionada ou anormal: ver cláusula 18.
- Puntuaranse as ofertas utilizando coa fórmula establecida no B.O.P. da Coruña nº 98, do 29-04-2008 e que poderá consultarse na web <http://www.dicuruna.es/contratacion/valoracion/>:

En todo caso, os licitadores terán en conta que esta baixa calcularase incluíndo o Imposto sobre o Valor Engadido das súas ofertas económicas ou o que, no seu caso, fora de aplicación.

4. Na cláusula oitava do prego de prescripcíons técnicas, no seu punto 2 (páxina 40)

Onde di:

Tódolos bombeiros condutores e xefes de quenda condutores deberán estar en posesión do permiso de conducir de Categoría C1, que os habilite para a condución dos vehículos do servizo.

Debe dicir:

Tódolos bombeiros condutores e xefes de quenda condutores deberán estar en posesión do permiso de conducir de Categoría C, que os habilite para a conducción dos vehículos do servizo.

5. Suprimirase a cláusula 15 do prego de prescripcóns técnicas (páxina 51 e 52), denominada:“15-PARES DE GUANTES DE TRABALLO”; pasando a cláusula denominada:“16-PARKA IMPERMEABLE E PANTALÓN IMPERMEABLE DE BOMBEIRO” a denominarse:“15-PARKA IMPERMEABLE E PANTALÓN IMPERMEABLE DE BOMBEIRO” e a cláusula denominada:17-ZAPATO DE PARQUE” a denominarse:16-ZAPATO DE PARQUE.

6. No ANEXO III (páxina 56), no seu punto 3:

Onde di:

3. Ofrece o prezo seguinte:

A cantidade mensual de ... (en cifra e letra) Euros, o que significa, un prezo anual de ... (en cifra el letra) Euros, o que implica en tres anos, un prezo de Euros (en cifra e letra).

Debe dicir:

3. Ofrece o prezo seguinte:

A cantidade mensual de ... (en cifra e letra) Euros, o que significa, un prezo anual de ... (en cifra el letra) Euros, o que implica en oito anos, un prezo de Euros (en cifra e letra).

3. Na cláusula oitava do prego de prescripcóns técnicas, no seu punto 2 (páxina 40)

Onde di:

Tódolos bombeiros condutores e xefes de quenda condutores deberán estar en posesión do permiso de conducir de Categoría C1,que os habilite para a conducción dos vehículos do servizo.

Debe dicir:

Tódolos bombeiros condutores e xefes de quenda condutores deberán estar en posesión do permiso de conducir de Categoría C, que os habilite para a conducción dos vehículos do servizo.

Lugo, Pazo Provincial, 20 de outubro de 2010

O SECRETARIO INTERVENTOR
José Antonio Mourelle Cillero